

1. Segundo o artigo 2 da Constitución, esta fundaméntase:

- a) No pobo español.
- b) Na indisoluble unidade da nación española.
- c) No poder soberano das Cortes Xerais.
- d) No Estado democrático.

2. De conformidade co artigo 66 da Constitución, as Cortes Xerais:

- a) Exercen a potestade lexislativa do Estado.
- b) Son inviolables.
- c) Están formadas polo Congreso dos Deputados e o Senado.
- d) Todas as respostas son correctas.

3. Segundo o artigo 99 da Constitución, o presidente do Goberno é nomeado:

- a) Polo Congreso dos Deputados.
- b) Polo Senado.
- c) Polas Cortes Xerais.
- d) Polo Rei.

4. Segundo o artigo 165 da Constitución, cal é a natureza da lei que regula o funcionamento do Tribunal Constitucional e o estatuto dos seus membros?

- a) Lei de bases.
- b) Lei orgánica.
- c) Lei ordinaria de maioría cualificada.
- d) Lei de transferencias.

5. Segundo o artigo 137 da Constitución, o Estado organízase territorialmente en:

- a) Municipios e provincias.
- b) Municipios, provincias e comarcas.
- c) Municipios, provincias e nas comunidades autónomas que se constitúan.
- d) Ningunha resposta é correcta.

6. Segundo o artigo 8 do Estatuto básico do empregado público, sinala cal dos seguintes non é unha clase de empregado público:

- a) Funcionarios interinos.
- b) Persoal laboral.
- c) Persoal eventual.
- d) Persoal directivo.

7. Segundo o artigo 147.2 da Constitución, os estatutos de autonomía deben conter:

- a) A denominación, os símbolos e a sede das institucións autónomas propias.
- b) As competencias asumidas dentro do marco establecido na Constitución e as bases para o traspaso dos servizos correspondentes a elas.
- c) Os símbolos e a sede da súa capitalidade.
- d) Ningunha resposta é correcta.

8. Segundo o artigo 81 da Constitución, son leis orgánicas:

- a) As relativas ao desenvolvemento dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas, as que aproben os estatutos de autonomía e o réxime electoral xeral e as demais previstas na Constitución.
- b) As relativas ao desenvolvemento dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas, as que aproben os estatutos de autonomía e as que regulen a sede das institucións.
- c) As relativas ao desenvolvemento dos dereitos dos empregados públicos e as súas obrigas e as demais previstas na Constitución.
- d) As relativas ao desenvolvemento dos dereitos dos cidadáns e das liberdades públicas, as que aproban o réxime da transparencia e bo goberno e as demais previstas nos estatutos de autonomía.

9. Segundo o artigo 81 da Constitución, cal é o rango normativo dos estatutos de autonomía?

- a) Leis de bases.
- b) Leis orgánicas.
- c) Leis ordinarias.
- d) Leis de transferencias.

10. Indica cal é o enunciado correcto de conformidade co artigo 83 da Constitución: As leis de bases...

- a) Teñen rango de lei orgánica.
- b) Poden tramitarse polo procedemento de competencia legislativa plena.
- c) Poden autorizar a modificación da propia lei de bases.
- d) Non poderán en ningún caso facultar para ditar normas con carácter retroactivo.

11. Segundo o establecido no artigo 33 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Comisión da Transparencia:

- a) É un órgano colexiado independente adscrito ao Valedor do Pobo.
- b) É un órgano colexiado independente adscrito ao Parlamento de Galicia.
- c) É un órgano colexiado independente adscrito á Xunta de Galicia.
- d) Ningunha das respostas é correcta.

12. De conformidade co establecido no artigo 38 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o tratamento oficial dos membros do Goberno e dos altos cargos é:

- a) Ilmo./Ilma., seguido da denominación do cargo, emprego ou rango correspondente.
- b) Señor/señora, seguido da denominación do cargo, emprego ou rango correspondente.
- c) Don/dona, seguido da denominación do cargo, emprego ou rango correspondente.
- d) Ningunha das respostas é correcta.

13. Segundo o título III da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, cal dos seguintes non ten a consideración de dereito dos afectados?

- a) Dereito de reconversión.
- b) Dereito de rectificación.
- c) Dereito de supresión.
- d) Dereito de oposición.

14. Segundo o artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen o prazo máximo en que debe notificarse a resolución expresa, o prazo será de:

- a) Un ano.
- b) Seis meses.
- c) Tres meses.
- d) Un mes.

15. Cal dos seguintes non é un dereito das persoas nas súas relacións coas administracións públicas segundo o artigo 13 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas?

- a) A comunicarse coas administracións públicas a través dun punto de acceso xeral electrónico da Administración.
- b) A ser asistidos no uso de medios electrónicos nas súas relacións coas administracións públicas.
- c) A utilizar as linguas oficiais no territorio da súa comunidade autónoma, de acordo co previsto nesta lei e no resto do ordenamento xurídico.
- d) A exixir sempre o aboamento dos gastos efectuados na tramitación dos procedementos en que intervén.

16. Segundo o disposto no artigo 1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o obxecto da lei, entre outros, é:

- a) Regular os procedementos administrativos especiais de todas as administracións públicas.
- b) Regular os requisitos de validez e eficacia dos actos administrativos.
- c) Regular o procedemento tributario da Administración xeral do Estado.
- d) Regular o procedemento administrativo de permisos e licenzas do persoal da Administración.

17. De conformidade co artigo 36 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os actos administrativos:

- a) Produciranse case sempre por escrito.
- b) Produciranse case sempre de forma verbal.
- c) Produciranse por escrito a través de medios electrónicos, salvo que a súa natureza exixa outra forma máis adecuada de expresión e constancia.

- d) Produciranse por escrito a través de medios electrónicos ou verbalmente cando non sexa posible a súa presentación electrónica.

18. Segundo o apartado 1 do artigo 39 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os actos administrativos das administracións públicas suxeitos ao dereito administrativo presumiranse válidos e producirán efectos desde:

- a) A data en que se publiquen.
- b) Sete días despois de seren ditados.
- c) Dez días despois de seren publicados.
- d) A data en que se ditén, salvo que neles se dispoña outra cosa.

19. No capítulo II do título V da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, regúlanse tres clases de recursos administrativos:

- a) Recurso de reposición, recurso de amparo e recurso para unificación de doutrina.
- b) Recurso de alzada, recurso potestativo de reposición e recurso extraordinario de revisión.
- c) Recurso contencioso-administrativo, recurso de revisión e recurso de alzada.
- d) Ningunha resposta é correcta.

20. Segundo o artigo 15.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nos procedementos tramitados polas administracións das comunidades autónomas e das entidades locais, o uso da lingua axustarase:

- a) ao que decida o interesado.
- b) ao previsto na lexislación autonómica correspondente.
- c) ao que decida o funcionario.
- d) Ningunha resposta é correcta.

21. O réxime preautonómico de Galicia foi regulado:

- a) Pola Orde ministerial do 5 abril de 1978.
- b) Polo Regulamento 6/1977, de 20 de xaneiro.
- c) Polo Real decreto lei 7/1978, do 16 de marzo.

d) Ningunha resposta é correcta.

22. Segundo o artigo 2 do Estatuto de autonomía de Galicia, a organización territorial propia de Galicia regularase mediante:

- a) Unha lei do Parlamento de Galicia.
- b) Unha lei orgánica do Congreso dos Deputados.
- c) Un regulamento da Xunta de Galicia.
- d) Un decreto legislativo do Parlamento de Galicia.

23. Segundo o artigo 37.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, as competencias de execución na Comunidade Autónoma levan implícitas:

- a) A correspondente potestade regulamentaria, a administración e a inspección.
- b) A potestade tributaria, a recadación e a inspección.
- c) A correspondente potestade legislativa, as súas bases e desenvolvemento.
- d) Ningunha resposta é correcta.

24. Cal das seguintes materias non é competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o artigo 27 do seu Estatuto de autonomía?

- a) A artesanía.
- b) A organización das súas institucións de autogoberno.
- c) O réxime xurídico de montes veciñais en man común.
- d) O réxime estatutario dos seus funcionarios.

25. No artigo 15.2 do Estatuto de autonomía de Galicia establécese que o presidente da Xunta será nomeado polo Rei e elixido:

- a) Por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto nos termos que estableza a lei.
- b) Polo Parlamento galego, de entre os seus membros.
- c) Polo Consello de Goberno da Comunidade, de entre os seus membros.
- d) Polo Parlamento galego, de entre todos os cidadáns de Galicia.

26. O artigo 9 do Estatuto de autonomía de Galicia establece que os poderes da Comunidade Autónoma se exercen:

- a) A través do Parlamento, da Xunta e das deputacións provinciais.
- b) A través do Parlamento, da Xunta e do seu Presidente.

- c) A través do Parlamento, da Xunta e dos concellos de Galicia.
- d) A través do Parlamento, da Xunta e do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

27. Segundo o artigo 4 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo de Galicia, a comisión do Parlamento de Galicia encargada das relacións co Valedor do Pobo é:

- a) A Comisión de Peticións.
- b) A Comisión do Estatuto dos Deputados.
- c) A Comisión para as Relacións coa Institución do Valedor do Pobo.
- d) A Comisión do Regulamento.

28. Segundo o artigo 2 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo de Galicia, o Valedor do Pobo será

- a) Elixido polo Parlamento de Galicia para un período de cinco anos.
- b) Elixido polo Parlamento de Galicia para un período de catro anos.
- c) Designado pola Xunta de Galicia para un período de cinco anos.
- d) Designado pola Xunta de Galicia para un período de catro anos.

29. Segundo o artigo 5 da Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia, cal das seguintes non é unha función deste consello?

- a) Aprobar as modificacións da súa lei de creación.
- b) Elaborar informes ou estudos sobre as reformas que se estimen necesarias na normativa vixente.
- c) Emitir ditames de carácter preceptivo ou facultativo.
- d) Elaborar o regulamento de réxime interno do Consello.

30. Segundo o establecido no artigo 1 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, este consello:

- a) Está integrado por conselleiras e conselleiros de forma paritaria.
- b) É o supremo órgano consultivo da Xunta de Galicia e das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Depende da Presidencia da Xunta de Galicia e goza de autonomía funcional.
- d) Ningunha resposta é correcta.

31. Indica cal destas normas regula, na actualidade, a materia de igualdade en Galicia:

- a) Decreto legislativo 6/2020, do 3 de xaneiro, polo que se refunden as normas galegas e estatais en materia de igualdade.
- b) Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.
- c) Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- d) A Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

32. Segundo o artigo 2 do Regulamento do Parlamento, a sesión constitutiva do Parlamento de Galicia terá lugar na data que, dentro do prazo dun mes,

- a) A partir do día de disolución do Parlamento, determine o decreto de convocatoria.
- b) A partir do día de proclamación das candidaturas, determine o decreto de convocatoria.
- c) A partir do día de proclamación de electos, determine o decreto de convocatoria.
- d) A partir do día de celebración das eleccións, determine o decreto de convocatoria.

33. Segundo o artigo 5 do Regulamento do Parlamento, a constitución do Parlamento de Galicia será comunicada polo presidente a:

- a) Ao rei, ao Senado, ao presidente do Goberno e ao presidente en funcións da Xunta de Galicia.
- b) O Congreso, ao Senado, ao presidente do Goberno e ao presidente en funcións da Xunta de Galicia.
- c) Ao rei, ao Congreso, ao presidente do Goberno e ao presidente en funcións da Xunta de Galicia.
- d) Ao rei, aos presidentes das comunidades autónomas, ao Senado e ao presidente do Goberno.

34. Segundo o artigo 7 do Regulamento do Parlamento, cal dos seguintes requisitos non é necesario para que o deputado electo adquira a condición plena de deputado?

- a) Presentar na Oficialía Maior a credencial expedida polo correspondente órgano da Administración electoral.

- b) Comunicar no prazo de cinco días contados desde a constitución do Parlamento a súa adscrición a un grupo parlamentario.
- c) Prestar na primeira sesión do Pleno a que asista a promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución española e ao Estatuto de Galicia.
- d) Cubrir a súa declaración para efectos do exame de incompatibilidades.

35. Segundo o artigo 27 do Regulamento do Parlamento, os grupos parlamentarios levarán unha contabilidade específica da subvención recibida que poñerán, sempre que o pida, á disposición da:

- a) Mesa do Parlamento.
- b) Intervención e Asuntos Económicos.
- c) Presidencia da Cámara.
- d) Secretaría dos restantes grupos parlamentarios.

36. Segundo recolle o artigo 25 do Regulamento do Parlamento, os deputados que adquiren a condición con posterioridade á sesión constitutiva deberán incorporarse a un grupo parlamentario:

- a) Dentro dos cinco días seguintes a esta adquisición.
- b) Dentro dos quince días seguintes a esta adquisición.
- c) Dentro dos cinco días seguintes á publicación da súa incorporación ao Parlamento de Galicia.
- d) Dentro dos quince días seguintes á publicación da súa incorporación ao Parlamento de Galicia.

37. Segundo o artigo 31 do Regulamento do Parlamento, sinala cal é o órgano encargado de ordenar os pagamentos:

- a) A Intervención e Asuntos Económicos.
- b) A Oficialía Maior.
- c) O Presidente do Parlamento.
- d) A Mesa do Parlamento.

38. Segundo o artigo 30 do Regulamento do Parlamento, sinala a quen lle corresponde elaborar o proxecto de orzamentos do Parlamento de Galicia:

- a) Intervención e Asuntos Económicos.
- b) Oficialía Maior.
- c) Presidente do Parlamento.
- d) Mesa do Parlamento.

39. Segundo o artigo 53 do Regulamento do Parlamento, o Pleno do Parlamento de Galicia será convocado polo seu presidente por propia iniciativa ou por solicitude, polo menos, de:

- a) Un grupo parlamentario ou as tres quintas partes dos deputados e deputadas da Cámara.
- b) Un terzo dos deputados e deputadas da Cámara.
- c) A maioría absoluta dos deputados e deputadas da Cámara.
- d) Dous grupos parlamentarios ou da quinta parte dos deputados membros da Cámara.

40. Segundo o artigo 40 do Regulamento do Parlamento, sinala a que órgano/os lle/s corresponde determinar o número de membros con que conta cada grupo parlamentario nas Comisións:

- a) O Pleno da Cámara.
- b) O Servizo de Asistencia Parlamentaria.
- c) O número de membros vén determinado polo Regulamento do Parlamento.
- d) A Mesa, oída a Xunta de Portavoces.

41. Segundo o artigo 52.1 bis do Regulamento do Parlamento, poderase crear de xeito automático unha única comisión de investigación por lexislatura de o solicitaren:

- a) Un terzo dos deputados e deputadas da Cámara ou as dúas quintas partes dos deputados e das deputadas que pertencen a un mesmo grupo parlamentario.
- b) Un terzo dos deputados e deputadas da Cámara que pertencen a un mesmo grupo parlamentario ou as dúas quintas partes dos deputados e das deputadas da Cámara.
- c) Un terzo dos deputados e deputadas da Cámara ou as dúas quintas partes dos deputados e deputadas da Cámara.
- d) Un terzo dos deputados e deputadas da Comisión Institucional e as dúas quintas partes dos deputados e deputadas da Comisión de Peticións.

42. Segundo o artigo 112 do Regulamento do Parlamento, as emendas á totalidade dun proxecto de lei só poderán ser presentadas:

- a) Polas dúas quintas partes dos deputados da Cámara coa sinatura de tres portavoces.
- b) Por vinte e seis parlamentarios con sinatura dos portavoces de todos os grupos parlamentarios.
- c) Polos grupos parlamentarios ou por un deputado coa sinatura doutros catro.

- d) Por un portavoz dun grupo parlamentario ou polos deputados que representen a maioría do grupo.

43. Segundo o artigo 127 do Regulamento do Parlamento, a aprobación dos proxectos de desenvolvemento básico do Estatuto de autonomía de Galicia requirirá:

- a) O voto favorable de todos os deputados e deputadas do Parlamento, nunha votación final de totalidade.
- b) O voto favorable da maioría absoluta dos membros do Parlamento de Galicia, nunha votación final de totalidade.
- c) O voto favorable das tres quintas partes dos deputados e deputadas do Parlamento, nunha votación final de totalidade.
- d) O voto favorable de dous grupos parlamentarios, nunha votación final de totalidade.

44. Segundo o artigo 136 do Regulamento do Parlamento, para ser elixido presidente da Xunta o candidato deberá obter, nunha primeira votación:

- a) Os votos da maioría absoluta.
- b) Os votos dos conselleiros membros do Parlamento de Galicia.
- c) Os votos de dous grupos parlamentarios.
- d) Os votos dos deputados e deputadas asinantes da proposta.

45. Segundo recolle o artigo 138 do Regulamento do Parlamento, a aprobación dunha moción de censura requirirá, en todo caso:

- a) O voto favorable da maioría dos membros do Parlamento.
- b) A maioría reforzada que se determine na Lei da Xunta e da súa Presidencia.
- c) O voto favorable da maioría absoluta dos membros do Parlamento.
- d) O voto favorable dos deputados e deputadas que non asinasen a moción.

46. Segundo o artigo 161 do Regulamento do Parlamento, publicada unha proposición non de lei, os grupos parlamentarios poderán presentar emendas:

- a) Ata seis horas antes do comezo da sesión na que se deba de debater.
- b) Ata seis horas antes da sesión da Mesa en que se deban de cualificar.
- c) Ata seis horas antes da data fixada para a elaboración da documentación que se remita á Comisión ou ao Pleno.
- d) Ata seis horas antes da data prevista para a sesión da Xunta de Portavoces na que se fixará a orde do día.

47. Segundo o artigo 151 do Regulamento do Parlamento, o debate e a votación das mocións realizaranse de acordo co establecido para:

- a) Os proxectos de lei.
- b) As preguntas.
- c) Os plans e programas da Xunta de Galicia.
- d) As proposicións non de lei.

48. Sinala cal dos seguintes órganos non forma parte da estrutura orgánica do Parlamento de Galicia, segundo o artigo 2 do seu Regulamento de organización e funcionamento:

- a) A Mesa do Parlamento.
- b) A Presidencia.
- c) A Dirección Xeral de Persoal.
- d) A Oficialía Maior.

49. Sinala cal das seguintes unidades administrativas non está integrada na Oficialía Maior, segundo o artigo 8 do Regulamento de organización e funcionamento do Parlamento de Galicia:

- a) Intervención e Asuntos Económicos.
- b) Servizo Orzamentario.
- c) Servizo de Asistencia Parlamentaria.
- d) Servizo de Tecnoloxías da Información.

50. Segundo o artigo 20 do Regulamento de organización e funcionamento do Parlamento de Galicia, poñen fin á vía administrativa os actos administrativos:

- a) Do oficial maior e o seu adxunto.
- b) Do letrado/a encargado/a dos temas de persoal.
- c) Da Mesa do Parlamento e da súa Presidencia.
- d) Das xefaturas das unidades administrativas.

PREGUNTAS DE RESERVA

51. Conforme o artigo 25 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de

Galicia, son órganos superiores da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) Os conselleiros, as secretarías xerais e as delegacións provinciais.
- b) A Presidencia da Xunta de Galicia, as consellarías, a vicepresidencia ou vicepresidencias, de existiren estas, e as secretarías xerais.
- c) Os conselleiros, as secretarías xerais e as secretarías xerais técnicas.
- d) Ningunha resposta é correcta.

52. Segundo recolle o artigo 56.1 do Regulamento do Parlamento, a Deputación Permanente estará presidida polo presidente do Parlamento de Galicia e formará parte dela:

- a) Un máximo de once membros.
- b) Un mínimo de once membros.
- c) Once membros.
- d) O número que determine o Pleno da Cámara.

53. Segundo o artigo 2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a interpretación e aplicación desta lei réxese, entre outros, polos seguintes principios:

- a) Principio de accesibilidade universal da información pública.
- b) Principio de veracidade.
- c) Principio de non discriminación tecnolóxica nin lingüística.
- d) Todas as respostas anteriores son certas.

54. Segundo o artigo 22 do Regulamento do réxime orzamentario e contable do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo:

- a) O Parlamento de Galicia e o Valedor do Pobo conteñen unha única entidade contable pública.
- b) O Parlamento de Galicia e o Valedor do Pobo constitúen entidades contables públicas independentes.
- c) O Parlamento de Galicia e o Valedor do Pobo non teñen a consideración de entidades contables.
- d) O Parlamento de Galicia e o Valedor do Pobo son consideradas como entidades financeiras sometidas ao seu réxime de contabilidade.

55. Segundo o artigo 118 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime financeiro e orzamentario de Galicia, cal dos seguintes documentos non constará na Conta Xeral da Comunidade Autónoma?

- a) A conta da Administración Xeral da Comunidade Autónoma.
- b) A conta das entidades en réxime de orzamento limitativo.
- c) A conta dos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.
- d) A conta das entidades en réxime de orzamento estimativo.